

BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES EN PROL DA IGUALDADE EFECTIVA ENTRE MULLERES E HOMES E DAS PERSOAS DO COLECTIVO LÉSBICO, GAY, TRANSEXUAL, BISEXUAL, QUEER E INTERSEXUAL (LGTBQI) E DE PREVENCIÓN E LOITA CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS, PARA O ANO 2021

A Igualdade de todos os seres humanos é un principio xurídico universal recoñecido no artigo 1 da Declaración Universal de Dereitos Humanos (DUDH) de 1948.

En materia de Igualdade entre mulleres e homes, destaca a Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación cara as mulleres aprobada pola Asemblea Xeral da ONU en decembro de 1979 e ratificada polo Estado español en 1983, así como as Conferencias Mundiais monográficas posteriores celebradas en Naioribi (1985) e Beijing (1995) que introduciron avances na materia.

Ademais, a Igualdade forma parte dos principios fundamentais da Unión Europea (UE) dende a entrada en vigor do Tratado de Ámsterdam (1999) que establece como obxectivo que a eliminación da desigualdade por razón de xénero, sexa integrada en todas as políticas da propia UE e dos Estados membros.

En materia de dereitos das persoas do colectivo Lésbico, Gay, Transexual, Bisexual, Queer e Intersexual (en adiante LGTBQI), tanto a ONU como a UE tamén estableceron principios internacionais de igualdade e non discriminación. É o caso dos principios de Yogyakarta que estenden explicitamente a mencionada Declaración Universal de Dereitos Humanos ás persoas homosexuais, bisexuais, transexuais e transxénero, aínda que os seus dereitos xa estaban implicitamente no artigo 2 da mesma Declaración.

Polo que respecta a UE, quedan protexidos os dereitos deste colectivo no artigo 21 da Carta de Dereitos Fundamentais da UE, en tanto que censura legalmente a discriminación por motivos de orientación sexual.

Ademais, a Constitución Española xa no artigo 1 propugna como valores superiores do ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político. No artigo 14 consagra o dereito á igualdade e a non discriminación por razón de sexo ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Así mesmo, o artigo 9.2 proclama a obriga dos poderes públicos de promover as condicións necesarias para que a igualdade das persoas e dos grupos de persoas sexan reais e efectivas; e o 10.1 establece que, entre outros, a dignidade da persoa e o libre desenvolvemento da súa personalidade son fundamento da orde política e da paz social.

A Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, establece no seu artigo 4 que “ A igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes é un principio informador do ordenamento xurídico e, como tal, integrarase e observarase na interpretación e aplicación das normas xurídicas”.

Polo que respecta á Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 4 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia, establece que lles corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación dos galegos na vida política, económica, cultural e social.

En desenvolvemento destas competencias asumidas polo Estatuto aprobáronse dúas leis galegas en materia de igualdade, unha no ano 2004, de carácter integral, e outra no ano 2007, específica para o ámbito do traballo, hoxe recollidas no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, así como a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. A promoción da igualdade entre mulleres e homes constitúe tamén un obxectivo básico e prioritario para a Xunta de Galicia, e tivo o seu reflexo nas ditas normas e na implantación de plans que definen e recollen estratexias globais para o establecemento das condicións que posibiliten a participación das mulleres en condicións de igualdade en todos os ámbitos da sociedade.

Nesta actuación, recoñécese o ámbito municipal, pola súa proximidade á cidadanía e polo coñecemento da situación específica da súa poboación, como o idóneo para o desenvolvemento de accións tendentes a garantir a igualdade entre mulleres e homes, a prevención e a erradicación da violencia de xénero, así como para o establecemento das condicións que posibiliten a participación das mulleres na vida política, económica, cultural e social.

O recoñecemento da igualdade formal ante a lei, aínda que constitúe un paso decisivo, continúa sendo insuficiente. En relación ás mulleres e tamén no que respecta ao colectivo LGTBQI, son moitos os feitos que nos demostran que a igualdade plena e efectiva é, a día de hoxe, unha tarefa aínda pendente das institucións e da sociedade. A violencia de xénero, a discriminación salarial, a maior porcentaxe de paro feminino, a escaseza de presenza das mulleres e/ou persoas abertamente LGTBQI en cargos de responsabilidade política, social, cultural, económica e empresarial, os problemas de conciliación persoal, laboral, familiar, persoal...son boa mostra disto.

Por todo a antedito, é necesaria unha convocatoria como esta, dirixida a cumprir cos imperativos legais mencionados anteriormente e cos compromisos adquiridos polo Concello de Santiago. O obxectivo da mesma, é o de servir como un instrumento máis, encamiñado á consecución dunha sociedade máis xusta e igualitaria que poidamos desfrutar todas as persoas.

As bases reguladoras e a convocatoria destas axudas axústanse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25 de xuño); no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro), no que resulte na Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, do 18 de

novembro), e no seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2007, do 21 de xullo (BOE núm. 176, do 25 de xullo) e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal do concello de Santiago de Compostela do exercicio 2021.

En virtude do exposto e de conformidade co establecido na normativa exposta no paragrafo anterior, aprobase a seguinte CONVOCATORIA

1. FINALIDADE E OBXECTO

A presente convocatoria da Concellaría de Políticas de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela ten por obxecto, establecer as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, correspondentes ao exercicio 2021, destinada ás asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan, dentro do termo municipal de Santiago de Compostela, proxectos e actividades co obxectivo de promover a igualdade entre mulleres e homes e das persoas do colectivolésbico, gay, transexual, bisexual, queer e intersexual (LGTBQI) fomentando a loita contra a discriminación por razón de sexo, de orientación sexual ou identidade de xénero e a prevención e loita contra as violencias machistas.

A finalidade desta convocatoria de subvencións é a de impulsar a cooperación entre iniciativa social e administración local, para optimizar os recursos existentes, coordinar e complementar as actuacións municipais que se desenvolvan dende a Concellaría de Políticas de Igualdade e impulsar as actuacións do movemento asociativo que fomente o empoderamento e a participación das mulleres en todos os ámbitos da vida, así como a consecución dos dereitos e liberdades do colectivo LGTBQI.

2. APLICACIÓN ORZAMENTARIA E CONTÍA DA SUBVENCIÓN

Para o financiamento das subvencións obxecto desta convocatoria destínase un crédito orzamentario por importe de 30.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria **050 23102 4890100/2021**.

Poderá subvencionarse, ata esgotar o crédito dispoñible, o cen por cen do orzamento presentado, non podendo superar, en todo caso, a contía máxima da subvención por entidade de 3.000 €.

En todo caso a concesión de subvencións estará suxeita á existencia do crédito orzamentario adecuado e suficiente no momento de resolución da concesión.

As subvencións outorgaranse mediante procedemento ordinario tramitado en réxime de concorrencia competitiva, de conformidade co disposto no artigo 22.1 da LXS, entendéndose como o procedemento por medio do que a concesión das subvencións faise mediante a comparación das solicitudes presentadas, co fin de establecer unha prelación coa aplicación dos criterios de valoración fixados na base 10 desta convocatoria.

Financiaranse os proxectos por orde decrecente da puntuación obtida na valoración, outorgando un máximo de 3.000 € da contía total solicitada por proxecto ata acadar o límite máximo do orzamento de 30.000 € de acordo coas especificacións establecidas na presente convocatoria.

No caso de que algunha asociación ou entidade non aceptara ou renunciara á subvención, outorgarase á asociación ou entidade solicitante ou as asociacións ou entidade seguintes por orde de puntuación, sen necesidade de facer unha nova convocatoria.

3. MARCO NORMATIVO E RÉXIME XURÍDICO

O marco normativo polo que se rexerá esta convocatoria de subvencións está constituído polas leis e disposicións que de seguido se detallan e polas súas normas de desenvolvemento, así como por cantas outras normas, legais ou regulamentarias, que conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de producir efectos no devandito ámbito:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento
- Real D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- A Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa que modifica o réxime xurídico da base de datos nacional de subvencións (BDNS) contido no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- A Resolución de 10 de decembro de 2015, da intervención xeral da administración do estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no sistema nacional de publicidade de subvencións (BOE núm. 299 do 15/12/2015)
- Bases de Execución do Orzamento Municipal do Concello de Santiago de Compostela 2021.

4. PROGRAMAS / ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES

A presente convocatoria está dirixida a subvencionar programas e actividades que persigan o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres e das persoas do colectivo lésbico, gay, transexual, bisexual, queer e intersexual (LGTBQI) e a prevención e loita contra as violencias machistas.

Liña 1: Programas e actividades de fomento da igualdade efectiva entre mulleres e homes. O obxecto desta liña é o de apoiar a realización de actividades e o desenvolvemento de iniciativas que promovan a igualdade de xénero, comprendendo algunha das seguintes actuacións:

- Actividades de sensibilización e fomento da igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes.
- Formación á poboación xuvenil en valores de igualdade de oportunidades para mulleres e homes.
- Obradoiros en materia de igualdade, coeducación e prevención da violencia de xénero.
- Actividades que fomenten a corresponsabilidade familiar e o cambio de condutas en materia de conciliación, e reparto de responsabilidades das tarefas doméstica e de coidado.
- Accións relacionadas coa saúde da mulleres e o seu benestar xeral: obradoiros, charlas, cursos ou conferencias sobre hábitos de vida saudables; detección precoz de enfermidades; trastornos da alimentación; relacións afectivo-sexuais; autoestima e imaxe corporal; fomento da práctica de actividades físicas...
- Formación en linguaxe non sexista.
- Campañas a prol do xoguete non sexista e actividades de sensibilización sobre os efectos dos xoguetes sexistas nos nenos e nas nenas.
- Actividades de información e sensibilización sobre roles e estereotipos de xénero, a súa repercusión na vida de mulleres e homes no espazo público e privado.
- Accións sobre a educación en igualdade, dereitos, servizos e recursos para as mulleres.
- Actividades para visibilizar o papel das mulleres na historia, na arte, na literatura, na política, na ciencia, no deporte...
- Actividades de formación e/ou información dirixidas ás mulleres do eido rural sobre melloras para o desenvolvemento deste sector produtivo.
- Actividades de formación e de promoción do acceso e uso das novas tecnoloxías.
- Actividades que fomenten a participación social das mulleres e a creación e mantemento de espazos de comunicación e relación.
- Actividades que fomenten as relacións interxeracionais e interterritoriais entre mulleres.
- Actividades que promovan o empoderamento das mulleres.
- Actividades específicas dirixidas a mulleres que poidan estar en risco de exclusión social ou sufrir discriminación múltiple polas súas condicións físicas, psíquicas, de etnia, idade, diversidade sexual, localización xeográfica e outras circunstancias.
- Actividades sobre as novas masculinidades para o empoderamento dos modelos masculinos positivos e a búsqueda de disociacións masculinas máis alá dos parámetros do sistema sexo-xénero da sociedade patriarcal.

Liña 2. Programas e actividades de fomento da igualdade efectiva das persoas LGTBQI. O obxecto desta liña é o de apoiar a realización de actividades e desenvolvemento de iniciativas que promovan a igualdade de trato e a consecución dos dereitos do colectivo LGTBQI, comprendendo algunha das seguintes actuacións:

- Actividades de sensibilización contra os estereotipos e prexuízos e de promoción da visibilidade e normalización dos dereitos das persoas LGTBQI.
- Actividades de prevención da discriminación por razón de sexo, de orientación sexual ou identidade de xénero.
- Actividades de información e sensibilización contra a LGTBIFOBIA.
- Actividades dirixidas á prevención e loita contra o bullying LGTBIFÓBICO.
- Actividades que aborden o tratamento da diversidade sexual familiar e por razón de xénero, nos diferentes ámbitos sociais.
- Calquera outra dirixida á consecución dos dereitos e liberdades do colectivo LGTBQI e da igualdade efectiva deste colectivo.

Liña 3: Programas e actividades para a prevención das violencias machistas no municipio de Santiago de Compostela. O obxecto desta liña é o de apoiar a posta en marcha e/ou o desenvolvemento de actividades e iniciativas conducentes a avanzar cara a unha cidade libre de violencias machistas.

- Actividades de formación, información, sensibilización e prevención das violencias machistas: obradoiros de formación nas violencias machistas; actos ou campañas de sensibilización; actos conmemorativos do 25 de novembro, Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres, etc.
- Sensibilizar á poboación para a prevención, detección e denuncia de situacións de violencia contra as mulleres.
- Calquera outra acción dirixida á erradicación das violencias machistas.

5. REQUISITOS DAS ENTIDADES SOLICITANTES

Poderán solicitar a subvención obxecto da presente convocatoria todas aquelas asociacións e entidades sen ánimo de lucro do Concello de Santiago de Compostela, que no momento de presentación da mesma, cumpra os seguintes requisitos:

- a) Estar legalmente constituída e formalmente inscrita no rexistro galego de asociacións e, no caso de estalo, ter actualizados todos os seus datos, polo que calquera cambio xurdido dende a súa inscrición ou última actualización, deberá comunicarse por escrito á Concellaría de Políticas de Igualdade xunto á solicitude.
- b) Carecer de fins de lucro.
- c) Desenvolver principalmente as súas actividades no Concello de Santiago de Compostela.
- d) Estar ao corrente, no seu caso, nas xustificacións doutras subvencións concedidas polo Concello de Santiago.
- e) Estar ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Santiago de Compostela, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e Facenda autonómica; como tamén coa Seguridade Social. E coas obrigas por reintegro de subvencións outorgadas polo concello de Santiago de Compostela en convocatorias anteriores, se procede.
- f) Non estar incluída nalgún dos supostos de prohibición ou incompatibilidade previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non terán a condición de beneficiarias as entidades arriba sinaladas nas que concorran algunha das circunstancias indicadas no apartado 2º) e 3º) do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, ou apartados 2º) e 3º) do artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- g) Ter recollido expresamente nos seus estatutos como obxecto ou entre os seus fins institucionais a consecución da efectiva igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes e/ou a defensa dos dereitos e liberdades das persoas e colectivo LGTBQI.
- h) Xustificar e acreditar a figura do representante legal da asociación ou entidade.
- i) Ter sede, domicilio social ou delegación permanente no termo municipal de Santiago de Compostela. Entendéndose por delegación permanente aquela que conte con persoal permanente da organización e local fixo onde realicen as súas actividades, dispoñendo dunha estrutura organizativa suficiente que garanta o cumprimento dos seus fins sociais.
- j) Ademais dos requisitos exposto na presente base da convocatoria, as asociacións e entidades que concorran para a obtención da subvención, deberán cumprir calquera outro requisito previsto no artigo 13 da LXS.

Estes requisitos deberán cumprirse na data en que finalice o prazo de presentación das solicitudes de subvención e deberanse manter todos eles ao longo do ano 2021.

Non se admitirán a trámite as solicitudes de subvención das entidades que non cumpran todos os requisitos na dita data.

6. OBRIGAS DAS ASOCIACIÓNS E ENTIDADES BENEFICIARIAS

Son obrigas das entidades beneficiarias da presente subvención:

- a) Cumprir os obxectivos, executar o proxecto e realizar as actividades que fundamentaron a concesión da subvención.
- b) Xustificar ante a Concellaría de Políticas de Igualdade a realización das actividades, así como o cumprimento dos requisitos, condicións e finalidade que determinaron a concesión da subvención.
- c) Aportar a diferenza entre o custe total do proxecto e a axuda concedida, ben polos seus propios medios ou por financiación de terceiros.
- d) Aportar tanta información sexa requirida pola Concellaría de Políticas de Igualdade e polo órgano concedente.
- e) As asociacións e entidades beneficiarias quedan obrigadas a facilitar a comprobación por parte do Concello de Santiago de Compostela da realización global do proxecto en calquera fase de execución do mesmo e facilitar a documentación que se lle requira polo persoal designado para a súa supervisión.
- f) Comunicar a Concellaría de Políticas de Igualdade do Concello de Santiago tanto a solicitude como a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as actividades obxecto da presente subvención. Esta comunicación deberá facerse no momento en que se teña coñecemento e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

- g) As asociacións e entidades beneficiarias de subvención, estarán obrigadas durante o prazo de execución e xustificación do proxecto, a informar a Concellaría de Políticas de Igualdade de calquera cambio ou modificación do proxecto ou dos datos relativos a asociación ou entidade que sexan necesarios para manter un contacto fluído, tales como dirección, teléfono, fax, correo electrónico e persoa de contacto.
- h) Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e sociais.
- i) Difundir e darlle a debida publicidade á colaboración e financiamento da Concellaría de Políticas de Igualdade do Concello de Santiago conforme a LXS, facendo pública mención á cofinanciación do Concello de Santiago de Compostela no desenvolvemento dos mesmos e incluír o logotipo municipal e a inscrición “Concello de Santiago de Compostela. Concellaría de Políticas de Igualdade”, en todas aquelas publicacións, rotulacións, carteis... que teñan relación co proxecto subvencionado o que deberá acreditarse debidamente na memoria da actividade que se presente como xustificación.
- j) Conservar ao menos durante catro anos dende a data de presentación da xustificación, os libros contables exixidos pola lexislación vixente sectorial, os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- k) Proceder o reintegro dos fondos recibidos nos supostos contemplados na base 15 desta convocatoria.
- l) Que no exercicio da súa actividade non fose sancionada nin condenada por resolución administrativa ou por resolución xudicial firme por incorrer en discriminación nos termos establecidos na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da comunidade autónoma sobre Igualdade.
- m) Que no exercicio da súa actividade utilicen unha linguaxe non sexista, unha comunicación inclusiva e non empreguen a imaxe das mulleres como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou denigratorio, segundo o que dispón o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia sobre Igualdade.
- n) Que as persoas da entidade (incluído o persoal voluntario e contratado para tal efecto) que traballen en actividades que impliquen contacto habitual con menores acrediten que non foron condenadas por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos mediante unha certificación negativa expedida polo Rexistro Central de Delincuentes Sexuais (artigo 13.5 da Lei 26/2015, do 28 de xullo, que modifica a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor).
- o) Que non se encontren nalgún dos supostos de prohibición para obter a condición de persoa/entidade beneficiaria establecidos no artigo 13.2 da Lei xeral de subvencións.
- p) Os demais recollidos na Lei xeral de subvencións.

7. REQUISITOS DOS PROXECTOS PRESENTADOS

7.1 ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS

Para ser tomadas en conta na presente convocatoria, os proxectos deberán incluír, necesariamente, os seguintes apartados:

- a) Descrición e fundamentación do proxecto
- b) Perfil da poboación á que se dirixe o proxecto no concello de Santiago de Compostela
- c) Formulación dos obxectivos
- d) Planificación das accións a desenvolver
- e) Zona de actuación (barrio, parroquia...)
- f) Impacto previsto no colectivo ao que se dirixe a actuación
- g) Indicadores de avaliación que permitan medir o grao de realización dos obxectivos previstos
- h) Previsión do sistema de seguimento e avaliación
- i) Orzamento detallado por actividades

7.2 ESPECIFICACIÓNS ECONÓMICAS

GASTOS SUBVENCIONABLES

Considéranse gastos subvencionables, para os efectos previstos nesta convocatoria, aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade/programa subvencionado, resulten estritamente necesarios e sexan efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación, e concretamente:

- a) **Gastos de persoal necesario para a execución das actividades:** serán subvencionables as retribucións do persoal destinado á execución das actividades ou programas subvencionados. Non serán subvencionables os gastos do persoal que non preste servizos directamente relacionados co desenvolvemento da actividade ou programa subvencionado.
- b) **Gastos derivados da realización específica do programa ou actividade subvencionados:** elaboración de materiais, gastos de publicidade e propaganda específicos do programa ou actividade, material de oficina (papel, impresos e outro material de oficina).
- c) **Outros gastos correntes, que estean debidamente xustificados** e se consideren estritamente necesarios para o desenvolvemento da actividade ou programa subvencionable.
- d) En ningún caso serán subvencionables gastos de manutención (comidas, consumicións, servizo de restauración, viaxes, combustible ou desprazamentos etc.) con cargo os proxectos ou actividade subvencionada, nin dietas por estes conceptos relativas o persoal que preste servizos no desenvolvemento da actividade ou programa subvencionado.
- e) Non se consideraran gastos subvencionables os efectos da presente subvención os gastos correntes de mantemento da asociación ou entidade beneficiaria (gastos de arrendamento de sede social, subministros, telefonía, adquisición de equipamento e material inventariable, nin outros gastos ordinarios de funcionamento que non estean indubidamente asociados co proxecto subvencionado.

En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderán ser superiores ao valor de mercado.

Poderase subvencionar ata o 100% do proxecto presentado (art. 19 LXS)

O proxecto deberá identificar exacta e pormenorizadamente as fontes de financiamento complementarias á solicitada ao Concello de Santiago de Compostela.

8. PRAZO DA SOLICITUDE E LUGAR E FORMA DE PRESENTACIÓN

8.1 PRAZO DA SOLICITUDE

O prazo para presentar a solicitude será de 15 días naturais, contados a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Ademais do BOP, a convocatoria publicarase no taboleiro de Edictos do Concello do Centro de Información ás Mulleres sito na rúa Isaac Díaz Pardo, nº 4-6, da oficina de Atención á Cidadanía, e nas páxinas webs www.tm.santiagodecompostela.gal (WOME´S TERRAIN COMPOSTELA, TERRITORIO DAS MULLERES), www.santiagodecompostela.gal (WEB DO CONCELLO DE SANTIAGO). Así mesmo, remitirase á Base Nacional de Subvencións a información sobre a convocatoria de conformidade co previsto nos artigos 18 e 20 da LXS.

8.2 LUGAR E FORMA DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

O prazo de solicitude destas axudas será de quince días naturais (15 días) seguintes á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Presentarase unha única solicitude por entidade.

As solicitudes realizaranse exclusivamente mediante os documentos axustados ao modelo oficial e, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, presentarase de forma telemática na Sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela, accedendo ao trámite na url: <https://sede.santiagodecompostela.gal/>

Para poder realizar a presentación telemática, a entidade solicitante deberá dispoñer dun sistema de firma electrónica dos admitidos na Sede electrónica do Concello.

O Departamento de Igualdade poñerá ao dispor das entidades interesadas as Bases íntegras da convocatoria, xunto co modelo de solicitude, así como os anexos que deben acompañala, na sede electrónica da páxina web do Concello.

A mera presentación de solicitude de subvención nesta convocatoria supón a plena aceptación destas bases, e o compromiso da entidade solicitante de cumprir as obrigacións e deberes que se desprenden das mesmas.

Así mesmo, a presentación da solicitude por parte das entidades conlevará a autorización ao Concello para que este solicite da Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a información sobre o cumprimento das súas obrigacións tributarias e coas Seguridade Social.

Se a solicitude non reunise os requisitos sinalados, ou non se achegase a documentación necesaria, requirirase ao solicitante, para que no prazo de dez días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos. De non cumprirse devandito requirimento, considerarase que a entidade desiste da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A memoria de actividades e o orzamento de ingresos e gastos debe ser necesariamente presentado xunto coa solicitude, e por tanto non poderá ser obxecto de corrección.

A solicitude (**Anexo 1**) deberá presentarse debidamente cumprimentado, e achegando a seguinte documentación preceptiva:

- a) **O PROXECTO** nos termos establecidos no artigo 7.1 da presente convocatoria
- b) **Memoria de actividades da asociación ou entidade solicitante do ano 2019**. Na que constará:
 - a. As actividades realizadas durante o último ano natural anterior á convocatoria, ou no seu lugar a última aprobada pola asociación ou entidade.
 - b. Tamén deberá especificarse en dito documento o nome da persoa que actuará como representante da organización ante o concello de Santiago de Compostela
- c) Certificación emitida pola asociación ou entidade solicitante na que se acredite: a) a figura do representante legal da asociación ou entidade así como b) a identidade das persoas que ostenten outros cargos, con indicación do cargo que desempeñan c) enderezo social da entidade beneficiaria e a existencia de sede na cidade de Santiago de Compostela. d) Identidade da persoa designada pola entidade para exercer de interlocutor coa Concellaría de Políticas de Igualdade a efectos de seguimento do proxecto subvencionado.
- d) Fotocopia dos Estatutos polos que se rexe a asociación ou entidade, que deberán recoller como obxectivo expreso ou entre os seus fins institucionais, a igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e/ou a defensa dos dereitos e liberdades das persoas e colectivo LGTBQI, así como de carecer de fines lucrativos, en consonancia co disposto na Base 5.
- e) Certificado acreditativo da inscrición no Rexistro Público de Asociacións ou entidades no que se atope inscrita a asociación ou entidade beneficiaria da subvención.
- e) Fotocopia da tarxeta de identificación fiscal (CIF).

- f) Certificación emitida por unha entidade financeira dos datos da conta bancaria onde se efectuará o pagamento da subvención concedida, con expresión do código IBAN.
- g) Declaración responsable de quen ostente a representación legal da entidade solicitante sobre si solicitou ou no, e no seu caso, se lle foron concedidas axudas para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou ente público privado, nacional ou internacional, en caso de telo solicitado ou térselle concedido, indicárase a data da solicitude ou solicitudes, os órganos que as resolverán, a contía da axuda ou axudas solicitadas e no seu caso, concedidas con indicación da data ou datas das resolucións de concesión.
- h) Declaración responsable de quen ostente a representación legal da entidade solicitante de non incorrer en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 de Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- i) Declaración responsable de quen ostente a representación legal da asociación ou entidade solicitante, de non ter débeda algunha pendente co Concello de Santiago de Compostela e na que se autorice ao Concello de Santiago de Compostela á comprobación de dito extremo.
- j) Declaración responsable de quen ostente a representación da asociación ou entidade de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, tal e coma se establece nos artigos 18 e 19 da LXS e na que se autorice de forma expresa ao Concello de Santiago de Compostela para que este poida recabar certificado ou documento acreditativo de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social

Dita autorización deberá incorporar fotocopia do NIF da persoa física representante da asociación ou entidade interesada así como documento que acredite a representación ou apoderamento conferido a dita persoa física.

De conformidade co disposto no apartado d), do artigo 53, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a documentación contida nos apartados c), d) e) e e) non será preciso aportala se xa está en poder do Concello, sempre que non sufrira ningunha modificación e así se faga constar xunto a data, órgano ou dependencia nos que foron presentados ou, no seu caso, emitidos, e cando non transcorreran máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

De dito extremo deberá incorporarse informe da Concellaría de Políticas de Igualdade que acredite ter constancia desa documentación e nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirir á/ao solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

A solicitude implicará a autorización ao Concello de Santiago de Compostela para que realice as actuacións de comprobación que cumpra, para verificar a información facilitada polas entidades solicitantes, a concorrencia dos requisitos esixidos e o cumprimento das obrigas das beneficiarias derivadas da concesión.

8.3 SUBSANACIÓN DE DEFECTOS E MELLORA DAS SOLICITUDES

Tras a recepción das solicitudes pola Concellaría de Políticas de Igualdade, se estas non se viran cumprimentadas en todos os seus termos ou non foran acompañadas da documentación esixida sinalada na convocatoria, requirirase a entidade solicitante para que subsane ou mellore a falta, indicándose os documentos que foron presentados incompletos ou no seu caso que non foran aportados.

A estes efectos, de acordo co previsto no artigo 68.1 da Lei de Procedemento Administrativo Común e Administración Pública, publicarase un anuncio co listado de todas as solicitudes que substituirá ao requirimento individual á entidade interesada, no taboleiro de Edictos do Concello do Centro de Información ás Mulleres sito na rúa Isaac Díaz Pardo, nº 4-6, da oficina de Atención á Cidadanía, e nas páxinas webs www.tm.santiagodecompostela.gal (WOME'S TERRAIN COMPOSTELA, TERRITORIO DAS MULLERES), www.santiagodecompostela.gal (WEB DO CONCELLO DE SANTIAGO) para que, nun prazo de 10 días naturais a contar dende o día seguinte á data de publicación na páxina web do Concello, subsane a falla ou achegue os documentos requiridos, coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistida da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do art. 21 da LPACAP.

9. INSTRUCIÓN DO PROCEDEMENTO E CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 20, 21, 22 23 e 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia concordante cos 23, 24, 25 e 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións coas seguintes especificacións:

1ºA Concellaría de Políticas de Igualdade será o órgano competente para a instrución do procedemento, que deberá verificar o cumprimento das condicións impostas nestas bases para adquirir a condición de beneficiaria, para o que realizará de oficio, cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

2º De acordo ao previsto no art. 22 da LXS e nas BEO do ano 2021 prevese: **“Nos expedientes de concesión de subvencións tramitadas polo procedemento ordinario de concorrencia establécese a necesidade da: 2) Existencia de acta do órgano colexiado correspondente sobre avaliación das solicitudes”....**

En cumprimento do anterior a valoración das solicitudes corresponderá a unha Comisión Avaliadora, coa función de valorar os proxectos presentados conforme a convocatoria e a elevación do informe preceptivo.

A Composición da Comisión quedará integrada por:

- A Concelleira delegada de Políticas de Igualdade, que actuará como Presidenta,
- A xefa do servizo da Área de Acción Social,
- A traballadora social da Concellaría de Políticas de Igualdade ,
- A psicóloga da Concellaría de Políticas de Igualdade e
- A asesora xurídica da Concellaría de Políticas de Igualdade,
- e da que formará parte con funcións de desempeñar a Secretaría da Comisión, persoal administrativo da Concellaría.

3º Rematada a instrución do procedemento, o expediente remitiráselle á antedita comisión que avaliará as solicitudes das subvencións presentadas e emitirá un informe co resultado da puntuación obtida dos proxectos presentados polas solicitantes e poñendo de manifesto os criterios utilizados de acordo co contido nestas bases.

4º O órgano instrutor, á vista do expediente e do resultado da antedita comisión, formulara unha proposta de resolución definitiva, debidamente motivada, á que se refire o artigo 24 LXS, que incluírá a relación de solicitudes presentadas, o número de puntos acadados, e a súa contía. Así mesmo, recollerá as solicitudes denegadas, cos motivos do seu rexeitamento caso.

5º A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a concesión das subvencións, e ditará resolución definitiva motivada segundo o disposto nas bases e de acordo coa antedita proposta de resolución. O seu acordo porá fin á vía administrativa e publicarase, no taboleiro de edictos do Concello, do Centro de Información ás Mulleres sito na Rúa Isaac Díaz Pardo, 4-6, da Oficina de Atención á Cidadanía, nas páxinas webs www.tm.santiagodecompostela.gal (WOMEN'S TERRAIN COMPOSTELA, TERRITORIO DAS MULLERES), www.santiagodecompostela.gal (WEB DEL CONCELLO DE SANTIAGO) . Dito acordo da xunta de goberno expresará os recursos que contra a mesma procedan, órgano administrativo ou xudicial ante o que tiveran de presentarse e o prazo para interpoñelos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercitar calquera outro que estimen oportuno.

A dita publicación substituirá a notificación individual, nos termos que establecen os artigos 45.1.a) e 45.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas sen prexuízo do disposto no artigo 46, relativo á indicación de notificacións e publicacións.

O prazo máximo para a resolución e a notificación non poderá exceder de 6 meses de acordo co establecido no artigo 25.4 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións transcorrido o mesmo sen terse notificado a resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimada por silencio administrativo a súa solicitude.

A concesión en firme das subvencións xerará un dereito a favor da entidade beneficiaria e correlativo compromiso de gasto para o Concello, que só será esixible cando se acredite o cumprimento das finalidades que motivaron a súa concesión.

10. CRITERIOS OXECTIVOS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

As entidades deberán probar documentalmente o cumprimento daquelas circunstancias que outorgan puntos, sen que se dean por existentes polo feito de alegalas na solicitude.

Valorarase de 0 a 115 puntos o proxecto presentado en función dos seguintes indicadores. As valoracións relativas a criterios subxectivos serán motivadas pola comisión de valoración.

a) Entidade solicitante (máximo 30 puntos):

- Relación e experiencia da entidade co ámbito da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e/ou da defensa da igualdade do colectivo LGTBI (de 0 a 5 puntos):

Criterio	Puntos
Menos de 1 ano	0 puntos
De 1 a 3 anos	1 punto
De 3 anos e 1 día a 7 anos	3 puntos
Máis de 7 anos e un día	5 puntos

- Actividades realizadas pola entidade beneficiaria nos últimos tres anos destinadas a conseguir algún dos obxectivos fixados nas bases desta convocatoria no Concello de Santiago de Compostela, valoradas a través das memorias das actividades realizadas en dito período (de 0 a 15 puntos):

Criterio	Puntos
Campañas de difusión e sensibilización	1 punto cada actuación ata 3 puntos
Actividades de información, orientación, asesoramento e/ou empoderamento	1 punto cada actuación ata 3 puntos
Actividades culturais, educativas, artísticas ou de ocio	1 punto cada actuación ata 3 puntos
Actividades de formación	1 punto cada actuación ata 3 puntos
Actividades de recuperación da memoria histórica	1 punto cada actuación ata 3 puntos

- Número persoas ás que se dirixe a entidade na súa actividade habitual no Concello de Santiago de Compostela (de 0 a 5 puntos).

Criterio	Puntos
Menos de 100	1 punto
Entre 100 e 500	3 puntos
Mais de 500	5 puntos

- Achega económica da entidade ao proxecto (de 0 a 5 puntos):

Criterio	Puntos
Entre o 5% e o 20%	1 punto
Entre o 20% e o 40% do proxecto	3 puntos
Superior ao 40% total do proxecto	5 puntos

b) Proxecto (máximo 85 puntos)

- Calidade técnica (de 0 a 30 puntos)

Criterio	Puntos
<p>Necesidade das actividades programadas</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. O proxecto xustifica adecuadamente as necesidades a abordar e recolle información concreta de estudos/informes (5 puntos). 2. O proxecto xustifica parcialmente as necesidades a abordar e/ou non recolle información de Estudos/informes (2 puntos). 3. Non se identifican, nin xustifican as necesidades a abordar (0 puntos). 	Ata 5 puntos
<p>Inclusión dun rigoroso detalle orzamentario</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. O orzamento previsto é axeitado e existe equilibrio entre os diferentes conceptos de gasto (5 puntos). 2. O orzamento previsto é parcialmente axeitado e existe un certo equilibrio entre os diferentes conceptos de gasto (2 puntos). 3. O orzamento previsto é pouco axeitado ao proxecto presentado (0 punto). 	Ata 5 puntos
<p>Coherencia entre os obxectivos e as actuacións previstas e a lóxica global do proxecto</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Existe unha adecuada definición das actividades e son coherentes con respecto aos obxectivos e cronograma (5 puntos). 2. Existe unha definición das actividades aínda que non se detalla con precisión e coherencia con respecto aos obxectivos e cronograma (2 puntos). 3. Non é adecuada a definición das actividades e ademais non son coherentes con respecto aos obxectivos e cronograma (0 puntos). 	Ata 5 puntos
<p>Consideración das discriminacións múltiples (idade, orixe, diversidade funcional, etc)</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Inclúese a perspectiva de xénero e a consideración doutras discriminacións en todo o contido do proxecto (5 puntos). 	Ata 5 puntos

Criterio	Puntos
2. Nalgúns apartados concretos inclúese a perspectiva de xénero e a consideración doutras discriminacións (2 punto). 3. Non se inclúe a perspectiva de xénero nin a consideración a outro tipo de discriminacións en ningún contido do proxecto. (0 puntos)	
Inclusión de indicadores de actividade e previsión de avaliación de todas as actividades 1. Os indicadores seleccionados permiten avaliar a execución da actividade adecuadamente (5 puntos). 2. Os indicadores seleccionados permiten avaliar parcialmente a execución da actividade (2 punto). 3. O proxecto non inclúe indicadores de avaliación ou os indicadores seleccionados non permiten avaliar a execución da actividade (0 puntos).	Ata 5 puntos
Especificación e coherencia dos resultados esperados co proxecto presentado 1. Existe idoneidade entre todas as actividades propostas e os resultados esperados (5 puntos). 2. Son adecuadas tan só algunhas das actividades propostas en relación aos resultados indicados e o proxecto en xeral (2 puntos). 3. A maioría dos resultados esperados non son apropiados coas actividades e co proxecto xeral (0 puntos).	Ata 5 puntos

- Finalidade transformadora das desigualdades e perspectiva comunitaria da actividade a subvencionar (de 0 a 15 puntos):

Criterio	Puntos
Incidencia no ámbito da prevención e a sensibilización 1. Existe no proxecto unha adecuada definición das actividades e do cronograma proposto e son coherentes e con incidencia no ámbito da prevención e sensibilización (5 puntos). 2. Está parcialmente establecida a definición das actividades ou non son adecuadamente coherentes con respecto aos obxectivos non ámbitos da prevención ou sensibilización (2 puntos). 3. Non é adecuada a definición das actividades e ademais non son coherentes con respecto aos obxectivos de prevención e sensibilización (0	Ata 5 puntos

puntos)	
<p>Incidencia na transformación do sistema sexo-xénero e dos roles tradicionais de xénero</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Incidencia notable do proxecto na transformación do sistema sexo-xénero e dos roles tradicionais de xénero (5 puntos). 2. Escasa incidencia do proxecto na transformación do sistema sexo-xénero e dos roles tradicionais de xénero (2 puntos). 3. Nula incidencia do proxecto na transformación do sistema sexo-xénero e dos roles tradicionais de xénero (0 puntos) 	Ata 5 puntos
<p>Inclusión da perspectiva comunitaria e participativa na realización da actuación</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. O proxecto ten alta repercusión comunitaria e participativa na zona de actuación (5 puntos). 2. O proxecto ten repercusión comunitaria e participativa media na zona de actuación (2 puntos). 3. Non consta repercusión comunitaria nin participativa na zona de influencia ou está é nula ou moi escasa (0 puntos) 	Ata 5 puntos

- Duración das actividades previstas (de 0 a 10 puntos)

Criterio	Puntos
Máis de 3 meses	10 puntos
1-3 meses	7 puntos
1 mes	3 puntos

- Coordinación prevista con outras entidades e axentes (públicos e privados) para o desenvolvemento do proxecto (de 0 a 10 puntos)

Criterio	Puntos
Entidades ou axentes	2 puntos por cada entidade ou axente

- Poboación beneficiaria das actuacións directa e indirectamente (de 0 a 10 puntos)

Criterio	Puntos
Máis de 100 persoas	10 puntos
De 50 a 99 persoas	5 puntos
Menos de 50 persoas	2 puntos

- Emprego da lingua galega e dunha linguaxe non sexista na presentación, realización e difusión das actividades (ata 10 puntos)

Criterio	Puntos
Emprego da lingua galega	5 puntos
Emprego dunha linguaxe non sexista	5 puntos

Só se subvencionarán aqueles proxectos que acadasen como mínimo a seguinte puntuación mínima en cada un dos seguintes apartados:

- Entidade solicitante, cun máximo de 30 puntos: 15 puntos.
- Proxecto, cun máximo de 85 puntos: 43 puntos.

A puntuación mínima para que o proxecto sexa financiado terá que ser de 58 puntos.

11. PRAZO DE REALIZACIÓN

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza das actividades subvencionadas (campañas, cursos, talleres, xornadas, seminarios, obradoiros, charlas, publicidade, etc.) e sexan realizados durante o período comprendido entre **o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2021**.

12. COMPATIBILIDADE

Estas subvencións serán compatibles con calquera outras subvencións ou axudas procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicarlle ao Concello de Santiago de Compostela a solicitude e obtención doutras subvencións ou axudas que financien a actividade ou actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención non poderá superar o custo total da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

13. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O prazo para a xustificación da subvención rematará o **31 de outubro de 2021**, e as entidades beneficiarias deberán presentar debidamente cumprimentado o **Anexo 2**, que se

recolle nestas bases coa documentación que de seguido se detalla, na <https://sede.santiagodecompostela.gal/>

A xustificación do cumprimento das obrigas impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención realizarase nos termos previsto no artigo 30 da LXS mediante a modalidade de conta xustificativa con aportación de xustificantes de gasto. A conta xustificativa conterá con carácter xeral, a seguinte documentación:

- a) **Memoria de actuación** debidamente asinada pola/o representante legal da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, dos resultados obtidos e o grao de cumprimento de obxectivos, debendo constar expresamente ter por cumprida a finalidade para a que se outorgou a subvención e, no seu caso, unha avaliación dos resultados obtidos respecto aos previstos.

En concreto, dita memoria deberá incluír obrigatoriamente información sobre:

1. Datas reais de inicio e finalización
2. Nivel de consecución dos obxectivos previstos
3. Actividades realizadas, tanto as inicialmente previstas como as non previstas
4. Análise dos resultados reais en relación aos previstos na solicitude.
5. Xustificación das desviacións producidas na execución do proxecto respecto as actividades previstas
6. Valoración xeral sobre a execución do proxecto

Optativamente poderase aportar calquera avaliación ou documentación propia que se considere significativa para a mellor comprensión do programa executado.

- b) **Memoria Económica** xustificativa do custe das actividades realizadas, que conterá
- a) Relación clasificada de gastos con identificación do acredor/acredora e do documento, importe e datas de emisión e pagamento.
 - b) **Orixinais ou copias compulsadas de facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil** ou con eficacia administrativa, incorporados na relación a que se fai referencia no apartado a) anterior, **aos que se lles unirá a documentación acreditativa dos pagos realizados.**

Ditos documentos orixinais presentaranse ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada e deberán estampillarse para facilitar o control da concorrencia doutras subvencións que puidese obter a beneficiaria.

As facturas que se presenten na conta xustificativa deberá cumprir os seguintes requisitos:

1ª Terán que axustarse ao contido esixido con carácter xeral no Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado no RD 1619/2012, do 30 de novembro ou na normativa que o substitúa.

2º No caso da contratación dos servizos dun/dunha profesional autónomo/a, deberá presentarse a factura, coa retención efectuada do IRPF e a aplicación do IVE, se procede.

- c) **Gastos de persoal** necesarios para a execución da actividade xustificaranse coa presentación do contrato de traballo, as nóminas e boletíns de cotización á Seguridade Social (TC1 e TC2) debidamente selados pola oficina recadadora.

A acreditación do pago dos gastos subvencionados relacionados realizarase por algunha das seguintes formas:

1º. Preferentemente mediante transferencia bancaria: xustificarse mediante copia do resgardo do cargo da mesma, debendo figurar no concepto da transferencia o número da factura ou, en defecto desta, o concepto abonado.

2º. Cheque: ademais da copia do cheque asinado, xustificarse mediante copia do extracto bancario do cargo en conta correspondente ao cheque.

3º. Efectivo: Excepcionalmente, e tras valoración, admitirase o pago en metálico para aqueles gastos que pola súa natureza non poidan ser pagados baixo outra modalidade, non podendo superar en ningún caso a contía de 600,00 euros. Xustificarse mediante factura ou recibín asinado pola persoa acreedora indicando a data de abono, debendo de figurar a expresión recibín ou outra

- d) **Certificación ou declaración responsable asinada polo representante legal da entidade** de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello, coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro (este requisito débese acreditar necesariamente para poder realizar o pagamento da subvención)

- e) **Acreditación gráfica do requisito de publicidade previsto nestas bases, segundo o modelo contido no anexo III** desta convocatoria e mediante a presentación de documentación impresa, fotografías, informática...

Consonte o artigo 70.3 do RD 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido o prazo establecido para a xustificación sen terse presentado a mesma perante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que, no prazo improrrogable de quince días,

sexa presentada a xustificación da subvención. A falla de presentación da xustificación no antedito prazo levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei 38/2003, xeral de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá á entidade beneficiaria das sancións que, conforme á antedita Lei, correspondan.

Cumpridas as esixencias de documentación citadas e, con proposta do órgano xestor, remitiráselle o expediente á Intervención Xeral Municipal para que emita o preceptivo informe de fiscalización. Se este é favorable, a Xunta de Goberno Local resolverá a aprobación do recoñecemento da obriga a favor da entidade beneficiaria e tramitarase a correspondente orde de pagamento da subvención.

O pagamento das subvencións materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira sinalada pola entidade beneficiaria na documentación que achegue, ou, de ser o caso, mediante talón nominativo ao seu favor.

No caso de que non se xustifique cumpridamente o total do proxecto, a cantidade concedida reducirase proporcionalmente para cumprir os límites sinalados nestas bases.

14. PUBLICIDADE DAS SUBVENCÍONS

De acordo co artigo 18 da LXS: “1.-A Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade de subvencións. 2.Para tales efectos, as administracións concedentes deberán remitir á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre as convocatorias e ás resolucións de concesión recaídas nos termos establecidos no artigo 20”.

15. INCUMPRIMENTO, REINTEGROS E SANCÍONS

O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras ou na demais normativa de aplicación, así como das condicións que, no seu caso, se establezan no acordo de concesión, e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas por outras administracións ou entes públicos ou privados, dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención, ou á devolución total ou parcial das subvencións concedidas, así como os xuros de demora correspondentes.

Para facer efectiva dita devolución, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, de conformidade co previsto no capítulo II, do título III do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 e nas Bases de execución do orzamento do exercicio de 2021.

Ás entidades beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normativa aplicable.

16. SEGUIMIENTO, CONTROL E INSPECCIÓN

O Concello de Santiago de Compostela, polos medios que estime oportunos e conforme á lexislación vixente en materia de subvencións, comprobará a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos e condicións baixo os cales se concedeu a axuda.

17. RÉXIME DE RECURSOS

As resolucións expresas ou presuntas recaídas en aplicación do disposto nestas bases reguladoras esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer os seguintes recursos:

- a) Potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da correspondente notificación, ou de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio, segundo os casos, de conformidade co establecido nos artigos 112,123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- b) Directamente recursos contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo no prazo de 2 meses contados a partir do día seguinte ao da correspondente notificación, ou no prazo de seis meses, contados a partir do día seguinte a aquel no que se producise o acto presunto.

18. TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia, o Concello de Santiago publicará na súa páxina web oficial a relación das entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideran impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude le implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias e a referida publicidade.

Por outra banda e de conformidade co previsto nos artigos 17.3b) e 20.8 a) da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións (BDNS) a información requirida por esta, e o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no BOP.

**CONCELLARÍA DE POLÍTICAS DE IGUALDADE,****Departamento de
Igualdade****SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN**

Para o fomento de programas e actividades en prol da igualdade efectiva entre mulleres e homes e das persoas do colectivolésbico, gay, transexual, bisexual, queer e intersexual (lgbtqi) e de prevención e loita contra as violencias machistas

ANEXO I

Datos da entidade											
CIF	Denominación						Número do Rexistro Municipal de Asociacións				
Enderezo da asociación						Teléfono			Correo electrónico		
Conta bancaria en formato IBAN											
Datos da persoa representante											
Documento de identidade			Nome e apelidos								
Enderezo para os efectos de notificación						CP	Teléfono 1		Teléfono 2		
Correo electrónico						Relación coa entidade:					
Solicitud programa, proxecto, actividade											
						Importe que solicita:					
						Importe que solicita:					
						Importe que solicita:					
Documentación que debe achegar											
<p>a) Orzamento de ingresos e gastos das actividades obxecto de subvención, importe que se solicita e porcentaxe de financiación que representa.</p> <p>b) Memoria explicativa das actividades, con indicación da data e lugar de realización, responsables do desenvolvemento da actividade, obxectivo e fins concretos aos que se destinarán os fondos e o número de persoas beneficiarias, directa ou indirectamente pola actividade. Calquera modificación destas circunstancias debe ser autorizada polo Departamento de Igualdade.</p> <p>c) Certificación emitida pola asociación ou entidade solicitante na que se acredite a identidade das persoas que ostenten cargos, con indicación do cargo que desempeñan e enderezo social da beneficiaria.</p> <p>d) Fotocopia dos Estatutos polos que se rexe a entidade, que deberán recoller como obxectivo expreso ou entre os seus fins institucionais, a igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e/ou a defensa dos dereitos e liberdades das persoas e colectivo LGTBQI, así como de carecer de fines lucrativos, en consonancia co disposto na Base 5.</p> <p>e) Fotocopia tarxeta de identificación fiscal (CIF).</p> <p>f) Certificación emitida por unha entidade financeira dos datos da conta bancaria onde se efectuará o pagamento da subvención concedida, con expresión do código IBAN.</p> <p>g) Declaración responsable da entidade solicitante sobre si solicitou ou no, e no seu caso, se lle foron concedidas axudas para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou ente público privado, nacional ou internacional, en caso de telo solicitado ou térselle concedido, indicarse a data da solicitude ou solicitudes, os órganos que as resolverán, a contía da axuda ou axudas solicitadas e no seu caso, concedidas con indicación da data ou datas das resolucións de concesión.</p> <p>h) Declaración responsable de non recaer sobre a entidade solicitante resolución administrativa ou xudicial firme de reintegro ou, no seu caso, que realizou o correspondente ingreso, o cal acreditará por calquera medio válido en dereito.</p> <p>j) Declaración responsable de atoparse o beneficiario ao corrente das obrigas fiscais fronte á Administración do Estado e fronte á Seguridade Social, así como que se atope ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Santiago ou que non é debedor da mesma por calquera outro ingreso de Dereito Público.</p> <p>Se sufriron variacións con respecto aos datos que constan no Rexistro Municipal de Asociacións, tamén deberá achegarse</p> <ol style="list-style-type: none">1. Copia compulsada do CIF da asociación2. Copia compulsada dos estatutos legalizados.											

Santiago de Compostela, de _____ de 2021

Asinado: _____

Rexistro número: _____

EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN**

Para o fomento de programas e actividades en prol da igualdade efectiva entre mulleres e homes e das persoas do colectivo lésbico, gay, transexual, bisexual, queer e intersexual (lgbqi) e de prevención e loita contra as violencias machistas

ANEXO I**Declaración xurada (asinada pola persoa representante legal da asociación)**

D./Dna. _____, con NIF _____, como representante da entidade

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- A. Que dita entidade non está inhabilitada nin incursa en prohibición para acceder á condición de beneficiaria de subvencións da Administración Pública, de conformidade co establecido no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- B. Que non recae en esta entidade resolución administrativa ou xudicial firme de reintegro.
- C. Que a entidade que represento está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Territorial da Seguridade Social, a Administración Autonómica e o Concello de Santiago de Compostela, respectivamente.
- D. Que, en relación con outras axudas procedentes de administracións públicas ou entidades privadas, a entidade á que represento

- NON solicitou outras axudas para esta mesma finalidade
- SI solicitou as seguintes axudas para esta mesma finalidade

Entidade/institución á que se lle solicitou	Importe solicitado	Importe concedido

E para que conste, asino esta declaración en Santiago, o ____ de _____ de 2021

Asinado: A/o representante legal

**XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN**

Para o fomento de programas e actividades en prol da igualdade efectiva entre mulleres e homes e das persoas do colectivo lésbico, gay, transexual, bisexual, queer e intersexual (lgbtqi) e de prevención e loita contra as violencias machistas

ANEXO II**Datos da entidade**

CIF	Denominación	Número do Rexistro Municipal de Asociacións
Enderezo da asociación		Teléfono
		Correo electrónico
Conta bancaria en formato IBAN		

Datos da persoa representante

Documento de identidade	Nome e apelidos			
Enderezo para os efectos de notificación		CP	Teléfono 1	Teléfono 2
Correo electrónico	Relación coa entidade:			

Solicitud programa, proxecto, actividade

	Importe subvención:	Importe que xustifica:
	Importe subvención:	Importe que xustifica:
	Importe subvención:	Importe que xustifica:

Documentación que debe achegar

- Memoria debidamente asinada pola/o representante legal da entidade que acredite ter cumprida a finalidade da subvención mediante a realización das actividades e o grao de cumprimento de obxectivos.
- Xustificantes dos gastos realizados dentro do período subvencionable, que serán facturas ou documentos substitutivos orixinais ou copias compulsadas, polo importe total dos gastos realizados na totalidade do proxecto. No caso de que non se xustifique cumpridamente o total do proxecto, a cantidade concedida reducirase proporcionalmente para cumprir os límites sinalados nestas bases.
Ditos xustificantes deberán conter os requisitos recollidos no RD 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
No caso da contratación dos servizos dun/dunha profesional autónomo/a, deberá presentarse a factura, coa retención efectuada do IRPF e a aplicación do IVE, se procede.
Os gastos de persoal necesarios para a execución da actividade xustificaranse coa presentación do contrato de traballo, as nóminas e boletíns de cotización á Seguridade Social (TC1 e TC2) debidamente selados pola oficina recadadora.
- Certificación ou declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello, coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro Acreditación do requisito de publicidade previsto na base 6, segundo o modelo contido no anexo III desta convocatoria e mediante a presentación de documentación impresa, fotografías, informática...
- Acreditación do requisito de publicidade previsto na base 6, segundo o modelo contido no anexo III desta convocatoria e mediante a presentación de documentación impresa, fotografías, informática...

Santiago de Compostela, de _____ de 2021

Asinado: _____

EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN

Para o fomento de programas e actividades en prol da igualdade efectiva entre mulleres e homes e das persoas do colectivo lésbico, gay, transexual, bisexual, queer e intersexual (lgbqi) e de prevención e loita contra as violencias machistas

ANEXO II

Declaración xurada (asinada pola persoa representante legal da asociación)

D./Dna. _____, con NIF _____, como representante da entidade

1. Que a programa/proxecto/actividade para a que se concedeu a subvención foi realizado na súa totalidade e, xa que logo, a subvención foi destinada á súa finalidade.
2. Que os gastos xerados na/s actividade/s subvencionada/s son os seguintes, e se achegan as facturas ou documentos substitutivos correspondentes, así como as xustificacións do seu pagamento:

Núm.	Concepto	Importe	Data pago
	Total		

3. Que, en relación con outras axudas procedentes de administracións públicas ou entidades privadas, a entidade á que represento
 NON solicitou outras axudas para esta mesma finalidade SI solicitou as seguintes axudas para esta mesma finalidade

Entidade/institución á que se lle solicitou	Importe solicitado	Importe concedido

4. Que os ingresos xerados pola realización da actividade subvencionada ascenden a un total de _____ €, co seguinte detalle:

Concepto	Importe

5. Que da liquidación de ingresos e gastos derívase que respecto do programa ou actividade realizada, cúmprese o disposto no artigo 31.1 da LXS, o importe dos ingresos e subvencións concedidas non supera o importe total dos gastos devengados, sendo destinadas todas as achegas á actividade subvencionada.
6. Que a entidade á que represento está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello, coa Axencia Tributaria, coa Comunidade autónoma e coa Seguridade Social e non é debedora por resolución de procedemento de reintegro.

E para que conste, asino esta declaración en Santiago, o ____ de _____ de 2021

Asinado: A/o representante legal